

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA
FACULTADE DE HISTORIA DO 22 DE FEBREIRO DE 2018

Lista de asistentes

Presidenta, decana e coordinadora de calidade

Reboreda Morillo, Susana

Secretaria e representante do PAS

Josefina T. Cadilla Lomba

PDI

Barriocanal López, Yolanda

López Díaz, María

Presedo Garazo, Antonio (colaborador de calidade)

Estudantes

Galiña Lorenzo, Juan Manuel

Souto Castro, Iria

Membros da sociedade

Eguileta Franco, José María

Desculpan a súa ausencia

Coordinadora de Grao

Vaquero Díaz, Beatriz

Coordinadora do Mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüedade

Comendador Rey, Beatriz

Estudantes egresados

Marta López López

Membros da sociedade

Díaz Naya, Rosa M^a

Na sala de profesores do Edificio de Ferro do campus de Ourense, reúnen-se os membros da Comisión de Calidade, o xoves 23 de febreiro de 2018, ás 12.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1.- Aprobación, se procede, das actas correspondentes á sesión ordinaria do 29 de novembro de 2017, e da sesión extraordinaria do 22 de xaneiro de 2018.

2.- Informe da presidenta.

3.- Análise e valoración do escrito presentado polo alumnado da facultade.

4.- Análise e validación do informe remitido pola administradora do Campus de Ourense, relativo ás necesidades do PAS na Facultade de Historia do Campus de Ourense.

5.- Análise e valoración dos resultados anuais de avaliación docente definitivos e do informe para responsables académicos.

6.- Análise e validación, se procede, do Informe de revisión pola dirección correspondente ao curso 2016/2017.

7.- Rogos e preguntas.

Adenda

8.- Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento do Traballo de Fin de Grao da Facultade de Historia.

9.- Rolda de intervencións.

1.- Aprobación, se procede, das actas correspondentes á sesión ordinaria do 29 de novembro de 2017, e da sesión extraordinaria do 22 de xaneiro de 2018.

Apróbanse por asentimento.

2.- Informe da presidenta.

- En primeiro lugar, a decana indica que Beatriz Nieto Outumuro, antiga alumna da facultade que agora traballa como profesora nun centro concertado, xunto con membros da revista “El octavo historiador”, integrada por egresados e egresadas do centro, propuxéronlle organizar desde a Facultade unhas olimpíadas de Historia. Á decana pareceulle boa idea, de feito hai olimpíadas de moitas áreas de coñecemento: bioloxía, empresarias (aquí rotan a sede e este ano realizaranse no Campus de Ourense), matemáticas, etc, pero non de Historia.

Partindo de que se dispón de pouco tempo, xa que a idea é convocala ao final deste curso, tomouse a decisión de centrarse no alumnado de 4º da ESO, primeiro só da provincia de Ourense, e despois se considerou máis convinte dirixirse a todos os centros educativos de Galicia, para evitar posibles duplicidades. Seguente acción foi a redacción das bases, co obxectivo de que máis que probas tipo exame, sexan tipo concurso, no que se participe a través dun único grupo por centro integrado por catro alumnos/as e coordinado por un/ha titor/a.

Para incentivar a participación estase a falar con antigos alumnos e alumnas que impartan docencia nun centro de ensinanza media, sexa concertado, sexa público, para que colaboren co seu propio equipo. Os gastos que xera esta actividade son pequenos, basicamente os premios, e á publicidade. O Consello Social ofreceu a súa axuda e a Deputación financiará o primeiro premio, e asume os gastos de imprenta. Falouse coa Concelleira de Educación do Concello de Ourense, pero aínda non se recibiu resposta. A decana considera interesante que o Concello tamén estea presente nesta iniciativa, tentarase volver a contactar coa concelleira ou directamente co alcalde como propoñen algúns dos membros da comisión.

Os premios propostos son:

Todos os/as participantes recibirán un diploma acreditativo.

Equipo gañador: unha tablet para cada un dos compoñentes do equipo e un lote de libros e un trofeo para o centro escolar. O/A docente encargado/a do equipo recibirá como agasallo unha caixa vacacional para dúas persoas.

Segundo premio: un libro e un videoxogo para cada un dos compoñentes do equipo e un lote de libros e un trofeo para o centro escolar. O/A docente encargado/a do equipo recibirá como agasallo dúas entradas ás termas máis masaxe en Outariz.

Terceiro premio: Un videoxogo para cada un dos compoñentes do equipo. O/A docente encargado/a do equipo recibirá como agasallo dúas entradas ás termas máis masaxe en Outariz.

- Informa, en segundo lugar, que está a piques de rematar o período de mandato do actual equipo reitoral, xa se iniciou o proceso electoral, o Reitor actual esgotou os seus mandatos e parece ser que haberá polo menos dous candidatos; por unha banda Manuel Reigosa que podería considerarse como o “equipo diferente do que está na actualidade” e o de “continuidade”, Emilio Fernández Suárez, que actualmente ocupa o comisariado do “Campus do Mar”.

- Respecto o proceso das necesidades formativas do PDI, mandouse un correo desde o decanato da facultade a todo o profesorado para que indicaran que tipos de cursos necesitaban. Paralelamente, desde Arinfo, a empresa que leva o mantemento da páxina web da facultade, propuxeron que deseñar un curso sobre tratamento de textos tanto de word como pdf. Valorada esta oferta decidiuse levalo a cabo e incluíala nas actividades formativas, e xa foi realizada. Os distintos apartados do proceso serán protocolarizados en función do procedemento correspondente do manual de Calidade.

- A administrativa que ocupa o posto de xefa de negociado de asuntos xerais da facultade, Mercedes Moure, continúa de baixa. Antes de desfrutar as súas vacacións chegárase ao acordo para collera todo o que lle restaba do 2017, e a volta suprimiríase a costume de non traballar os venres. O día 15 de xaneiro de 2018 finalizou o período vacacional e de asuntos persoais do ano 2017, e o día 16 de xaneiro presentou a súa baixa por enfermidade; finalizado ese primeiro período de baixa médica de 35 días volve presentar un novo documento no que se indica por parte do médico que se prorroga a baixa ata 43 días. Está nestes momentos cubrindo a súa baixa médica M^a Carmen Arribas que xa desempeñou o posto durante varios anos.

3.- Análise e valoración do escrito presentado polo alumnado da facultade.

Indica a decana que antes do Nadal tivo unha reunión cun grupo de alumnos/as de terceiro curso do Grao presencial. Viñeron falar con ela moi desanimados, e se expresaron, de forma espontánea, a modo de “tormenta de ideas”, ás veces describindo a situación dun xeito moi duro. A decana manifestou a súa preocupación porque apreciaba que estaban defraudados co título, coa docencia e coa formación recibida, en definitiva con todo. Daquelas, tal e como expresou no día das eleccións, quedaron en distanciarse do problema para tratar de obxectivalo e formalizalo por escrito porque había aspectos subxectivos que eran difíciles de cuantificar e que podían corresponder a ideas persoais e non ao sentir maioritario.

Juan M. Galiña, representante dos estudantes, indica que cando se realizou o escrito intentaron concretar todo ese boom de ideas por riba dos asuntos persoais que alguén desexaba primar.

A decana explica a volta Nadal contactou co estudante que facía as veces de representante, Rubén López, na mencionada reunión. O alumnado presentou no mes de xaneiro o escrito, que a súa vez transmitiu á Antonio Presedo, como colaborador de calidade, a Beatriz Vaquero, como coordinadora do grao e ao resto do equipo decanal, acordándose que se traería na próxima reunión de calidade.

Beatriz Vaquero, que hoxe non pode estar presente na Comisión porque tiña compromisos previos mandou un documento cunha serie de consideracións xenéricas ás propostas realizadas polo alumnado, o mesmo fixo Marta López, membro desta comisión en calidade de egresada.

Revísanse ámbolos dous escritos que se axuntan á acta e se comentan tanto aspectos xenéricos, como consultar aos outros cursos da titulación sobre determinados aspectos, a necesidade de identificar as materias ás que se alude en cada apartado.

Así mesmo os representantes do alumnado deberían ter un control máis activo das Guías Docentes antes da súa aprobación, aspecto que Juan M. Galiña, representante do alumnado, confirma. A decana pensa que, en xeral, as guías docentes se aproban, sen que se comprobe se efectivamente exista unha carga excesiva ou unha elevada esixencia.

Outros aspectos concretos se debaten en detalle e se describen a continuación. Sobre o tema dos horarios, indicase no escrito que “tamén se deu o caso de que algunhas actividades coincidiron con clases ordinarias de outras materias, sen sabelo o docente da mesma (e tendo que solucionar os/as alumnos/as), ou déronse simultaneamente actividades de dúas materias tendo que escoller a asistencia a unha ou outra”. Tamén neste caso debería levarse a cabo un control máis activo (dos representantes) do alumnado e transmitir este tipo de incidencias ao decanato. A decana comenta que na planificación docente que se realiza a final dun curso sobre o seguinte, se distribúen as actividades para que non sexan coincidentes e no caso dunha actividade imprevisible debe falarse co profesorado implicado e co decanato. Pola súa parte o representante de alumnado indica que este curso pasou algunha vez e non se seguiu o protocolo descrito. Reflexionan sobre este tema a profesora Yolanda Barriocanal, o representante da sociedade, José María Eguileta e, como alumno implicado, Juan M. Galiña quen explica que houbo unhas xornadas que coincidían cunhas clases e que o profesor que lle recomendaba asistir lles dixo que falaran eles co profesor responsable da materia coa que se tiña clase. A decana finaliza reiterando que esa situación é anómala, que que é o/a docente que recomenda a actividade debe que falar co profesor/a afectado na súa docencia e co decanato, non se trata en absoluto de que o alumnado teña que pedir permiso e se iso sucede así hai que comunicalo ao decanato. Juan M. Galiña aclara que foi un caso puntual.

En relación ao tema dos exames, no escrito indícase que “o tempo dos exames deberá adecuarse á materia que entra no mesmo. Este punto tal vez sexa o menos complicado, pois en xeral non hai queixa. Non obstante, sería interesante que se

fose máis flexible en casos extraordinarios nos que en xeral o alumnado é incapaz de rematar a tempo”.

Juan M. Galiña explica que cando hai un exame parcial non debería ter a mesma profundidade que un final, os estudantes dan queixas de que hai exames moi cargados de materia. A profesora Yolanda Barriocanal, intervén para aclarar que os exames parciais son voluntarios. A decana, insiste en que a obriga é o exame final, polo que as condicións dos parciais deben ser co/a docente para lograr que sexa beneficioso para o alumnado.

Cando no escrito se fala sobre materias concretas en relación a menos ou máis créditos, a decana indica que se ben o plan de estudos non é doado de cambiar, as suxerencias pódense ter en conta cara o futuro, especialmente por parte dos representantes do alumnado. A ela parécelle que as Historias universais se lles dedica moi pouco tempo en relación ao as historias de Galicia e a Península Ibérica. Estamos rematando de implantar un plan con remodelacións e non é posible introducir cambios neste momento. Juan M. Galiña, Yolanda Barriocanal e Antonio Presedo comentan que a materia de Historiografía pode resultar difícil para o alumnado de primeiro curso. A decana propón que a problemática de Historiografía se debería tratar cos responsables da materia e adaptala ao alumnado de primeiro curso. A profesora María López, indica que coincide con ela, estudar a temática das materias que presentan problemas en primeiro curso e adaptalas ao alumnado porque quizais se está impartindo como cando estaba en cursos superiores. O obxectivo é expoñer as ferramentas sen entrar en debates metodolóxicos que ao mellor requiren coñecementos moitos máis específicos e avanzados. Na materia de Fontes cree que xa non é cuestión de dificultade, opina que se están a mesturar materias e problemáticas distintas en cada materia. No escrito, Beatriz Vaquero, como responsable da materia de Fontes, propón estudar conxuntamente co alumnado que partes do temario poderían ser ampliadas e tratadas con maior profundidade, así como analizar se sería convinte modificar a metodoloxía e incorporar máis clases teóricas reducindo as prácticas.

A continuación, o alumno Juan M. Galiña e o profesor Antonio Presedo, tratan o tema da organización temporal da materia de Historia de América Pre-colombina e colonial. A decana indica que na enquisa que se vai realizar ao alumnado debe constar se maioritariamente se pensa que estaría mellor en segundo, porque quizais podería volver a facerse ese cambio outra vez.

O alumno Juan M. Galiña, cree que a Metodoloxía, habería que darlle unha volta para axeitala ás novas tecnoloxías. A profesora María López comenta que é unha materia complementaria con Fontes. Na súa opinión as metodoloxías propiamente ditas non pasan pola innovación dixital, dado que se basean en como se fai a historia, como se constrúe a historia e un discurso histórico. O alumno Juan M. Galiña propón fusionar nunha materia Fontes e Metodoloxía, xa que Fontes é pouco para un cuatrimestre. Hai materias que se quedan cortas como as historias de España.

A decana lembra que no centro non se imparte un grao de Historia, senón en Xeografía e Historia; ao abordar Historia, Historia da Arte e Xeografía, evidentemente non se pode profundar dun xeito excesivo.

O profesor Antonio Presedo, indica que para ver en profundidade todo o relativo a Historia está en Santiago o grao en Historia e o grao en Historia da Arte.

Para concluír as ideas expostas ata o momento, a decana recompila os aspectos máis significativos. Elaborar un formulario para pasalo a todo o alumnado do grao; identificar as materias onde haxa problemas, xa que o escrito é moi vago, despois poderanse abordar as cuestións. Para isto lembra que a coordinadora de grao se ofreceu facer de intermediaria agás que sexa ela a implicada, nese caso sería a decana.

A decana entende que todos tentamos facer as cousas o mellor posible e que o título reúna as mellores características.

En relación á modalidade semipresencial indícase no escrito que en ocasións o estudantado ten que recorrer aos presenciais para solicitar o material de estudo ao non dispor dos recursos necesarios na plataforma virtual Fatic. Ao respecto Juan M. Galiña comenta que os presenciais están cansos de deixar os apuntamentos aos semipresenciais e que despois saquen mellor nota .

A decana indica que os problemas da modalidade semipresencial do grao deben presentarse á coordinación ou a decano. A superación da materia non pode depender dos apuntamentos dos seus compañeiros/as, o que evidentemente teñen que ter a información para montar os seus propios. Unha vez máis necesítase saber as materias concretas nas que se presenta esta problemática. A coordinadora de grao ofrécese no escrito que presenta a ter reunión (agás que sexa ela a implicada) para acordar os axustes que sexan necesarios.

A decana fai mención agora ao documento aportado por Marta López que hoxe tampouco poido estar presente na Comisión. A maiores do exposto que en moitos aspectos coincide ca coordinadora de grao, indica que “si se dan solapamentos entre materias deberían avisar pola vías pertinentes ben o alumnado ben o profesorado implicado”. Juan M. Galiña, puxo o exemplo do profesor de Prehistoria, Ladislao Castro, expuxo que se había solapamentos se comentara e resolveuse o tema.

O alumno Juan M. Galiña explica que entre eles se fala abertamente, pero moitos teñen medo as consecuencias. A decana indica que para iso están os representantes, para que a nivel persoal ninguén teña que expor nada e volve a insistir na necesidade de identificar os problemas a través dos representantes e aclara que pensa non se producirá ningún tipo de represalias.

A profesora María López pregunta porque este escrito de terceiro curso trata de temas do pasado e opina que ao mellor é a saturación de outros problemas con outras materias e que por iso agora están tan desmoralizados.

Juan M. Galiña, pide que o profesorado debería acordar que a materia de cada un non se considere a máis importante, porque as veces se exige demasiado e se chega a un punto en que os estudantes non dan máis. Concreta tamén en que hai materias nas que se da todo o contrario, nas clases son “como un festival” e despois o nivel de esixencia é moi alto.

A representante dos PAS, Josefina Cadilla, comenta que se alguén ten medo ás represalias pode realizar as súas queixas, suxestións e parabéns no apartado de QSP que está na páxina web da facultade de historia, que permite materializar queixas tamén de xeito anónimo. Pola súa parte, a profesora Yolanda Barriocanal incide no diálogo, porque cousas mínimas se poden resolver sen problema. A negociación e o diálogo directo do estudantado co profesorado sempre deben estar na aula antes de pasar un escrito de estas características.. A profesora María López opina que ao mellor é algo que se arranxa facilmente, porque no profesorado ninguén se nega a falar. Juan M. Galiña, volve incidir no medo as represarias, incluso entre os de cuarto curso hai preocupación de que as queixas teñan repercusións na elaboración e cualificación do.

Vólvese a insistir por parte da decana e de Josefina Cadilla na posibilidade de realizar as queixas de xeito anónimo.

4.- Análise e validación do informe remitido pola administradora do Campus de Ourense, relativo ás necesidades do PAS na Facultade de Historia do Campus de Ourense.

Explica a decana que se trata dun procedemento no que se solicita á administradora de Campus, Pilar Joga, que redacte un escrito sobre as necesidades do PAS, é un escrito que se incorpora a acta para ser valida. Non se producen comentarios sobre o contido do escrito e se valida por asentimento.

5.- Análise e valoración dos resultados anuais de avaliación docente definitivos e do informe para responsables académicos.

O informe para responsables académicos retírase da orde do día porque non o enviaron da Área de Calidade.

Explica a decana que o programa Docentia, ten dúas vertentes, unha que ten repercusión anual e valora as actividades de cada profesor/a (se asiste as reunións, se as actas son entregadas a tempo, se cumpren os horarios...), unha serie de aspectos que se interpretan en puntos e eses puntos se multiplica por cartos que van para a facultade. Esta avaliación é fundamental para a segunda das vertentes. A docentia quinquenal, proceso que levaba moitos anos estancado na UVigo, a diferenza do anterior, é voluntario e nel se valoran cinco anos de docencia e actividade dun profesor/a. Se contemplan varios aspectos, como as enquisas de avaliación docente, un informe que redacta o profesorado e outras actividades contempladas na docentia anual.

No informe de resultados deste último proceso de toda a universidade, figura que na facultade de Historia se presentaron dúas persoas, feito que sorprendeu á decana porque só se presentou ela; a segunda persoa que figura é un profesor de historia contemporánea que impartiu docencia na facultade de forma puntual. Este aspecto xa foi comentado coa área de Calidade. O resultado que obtivo a profesora Susana Reboreda foi de “favorable” cunha puntuación de máis de 77, quedando a tres décimas de chegar a 80, nesta circunstancia o resultado sería moi favorable.

Está previsto que a convocatoria de docencia quinquenal saia todos os anos, e anima a que se presente o profesorado.

Validase o informe por asentimento por parte da comisión.

6.- Análise e validación, se procede, do Informe de Revisión pola Dirección correspondente ao curso 2016/2017.

Pide desculpas a decana porque o informe se enviou con pouco tempo debido a que última revisión do borrador presentado foi o mércores a tarde, polo que solicita que se revise e se fagan chegar as suxerencias precisas.

O informe é unha valoración e análise de todos os aspectos importantes do centro respecto ao curso 2016/2017, inclúe tanto o Grao como o Mestrado. A reflexión se realiza en base a unha serie de ítems relacionados co Sistema de Calidade.

O colaborador de Calidade, Antonio Presedo, anima a que sexa revisado por máis persoas porque é moi enriquecedor recoller as suxestións feitas por todos.

A decana indica que sería perfecto que o alumnado fixera tamén as súas aportacións. O documento vaise pasar tamén a área de a calidade para que a súa vez realice as aportacións que considere.

Quedan pendente os datos relativos a QSP e as accións de melloras, conclusivas do documento final. Vaise facer un anexo coas táboas e gráficos, e outro coas actividades e novas de prensa.

Queda validado o borrador do informe por asentimento e reunirse a Comisión para a validación do documento definitivo.

7.- Rogos e preguntas.

Trátanse no punto 9.

Addenda

8.- Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento do Traballo de Fin de Grao da Facultade de Historia.

Intervén o profesor Antonio Presedo, como secretario da Comisión da TFG, para indicar que se trata de axilizar e simplificar o procedemento de xestión do TFG: depósito, asignación de titor, etc.. Explica que Julio Prada, coordinador do TFG, deseñou a materia na plataforma FaiTic para que o procedemento sexa máis sinxelo e simplificado e que estivo facendo probas da súa posible eficacia. Para o curso 2018/2019 levarase todo o procedemento do TFG pola plataforma Faitic. Julio Prada suxeriu a posibilidade de que este ano que se poña xa de xeito experimental, o que obriga a unha reforma do regulamento do TFG. Por iso agora todos os profesores terán na plataforma xa a materia de TFG.

Valídase o modificación do regulamento por asentimento

9.- Rolda de intervencións.

O representante da sociedade, José María Eguileta solicita que toda a documentación se remita en formato pdf, xa que en caso contrario ten problemas para visualizala.

Admítese a solicitude.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13.20 h do día 22 de xaneiro de 2018, da que eu como secretaria dou fe, co visto e praxe da decana.

A decana

A secretaria

Susana Reboreda Morillo

Josefina T. Cadilla Lomba